



Área / Unidad PROGRAMA MOVER OS BAIXOS TSQ	Documento 52319I001N	
Código de verificación 	Expediente 527/2025/68	
1Y5T 2G1L 291O 5W5A 0NE6	Fecha 21-08-2025	

Asunto

BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA INICIA

Base primeira: Definición do Programa

INICIA é un programa municipal que persegue a difusión e implantación do espírito emprendedor empresarial entre o alumnado dos Centros con Ciclos de Formación Profesional e Ensinos Especiais radicados na nosa cidade que, previamente, manifesten o seu interese na participación de conformidade co establecido nas presentes bases. O programa proporciona apoio ao profesorado dos centros participantes, mediante a formación-titorización do alumnado e ofrece premios incentivadores que priman ás mellores iniciativas emprendedoras que se desenvolvan co programa.

Para realizar a valoración dos proxectos presentados e seleccionar aos gañadores o Concello conta coa colaboración doutras entidades e/ou administracións.

Base segunda: Obxectivos do Programa INICIA

Os obxectivos do Programa INICIA son os seguintes:

- Desenvolver as capacidades emprendedoras do alumnado dos centros de FP e Ensinos Especiais da Coruña
- Fomentar a difusión e implantación da cultura emprendedora en centros de FP e Ensinos Especiais da Coruña
- Favorecer e mellorar o desenvolvemento de valores educativos tales como: creatividade, traballo en equipo, solidariedade e autonomía
- Servir de instrumento de promoción de boas ideas empresariais, proxectos e persoas que os leven a cabo
- Impulsar e fomentar iniciativas empresariais de interese
- Apoiar aos/as docentes dos centros educativos na súa tarefa de formación
- Fomentar iniciativas emprendedoras que repercutan na economía do Concello da Coruña

Base terceira: Persoas destinatarias do programa

As persoas beneficiarias do Programa INICIA son o alumnado dos centros educativos colaboradores pertencentes aos ciclos de Formación Profesional e Ensinos Especiais (Educación superior) con sede na nosa cidade que elaboren un proxecto empresarial en equipo (entre 2 e 4 membros). Só con carácter excepcional, motivándoo e coa conformidade do persoal do Concello, poderá presentarse por un número de persoas distinto do previsto. Neste caso, cando superen os catro integrantes, o premio, de ganalo, será para catro deles que deberán facer constar no momento de presentar o proxecto para a súa valoración.



Concello da Coruña

Podemos distinguir os/as seguintes destinatarios/as:

➤ Centros educativos

Centros públicos que imparten Ciclos Formativos e os Centros de Ensinos Especiais, así como os privados cos que o Concello da Coruña subscribise previamente un convenio de colaboración no que figure tal fin.

➤ Profesorado

Profesorado que imparte, nos centros colaboradores, materias relacionadas co mundo empresarial e que se responsabilice do alumnado participante, ademais de servir de ligazón co persoal municipal responsable do programa.

➤ Alumnado

Poderá participar no programa INICIA todo o alumnado dos centros educativos colaboradores (nas especialidades inscritas) que teña unha idea empresarial e queira desenvolver o seu proxecto de empresa. O alumnado que presente o seu proxecto para participar na selección (ver base sexta, apartado "a") debe estar disposto a acudir á Feira de Ideas no caso de resultar seleccionado polo Comité de Valoración.

Base cuarta: Participación no Programa

Para participar no programa cada centro educativo deberá cursar a solicitude de inscrición das especialidades que desexen, coas datas preferentes de cada módulo, a través dun formulario que se remitirá polo concello, departamento de Promoción Económica, ou a través da páxina web educativa: <http://www.coruna.gal/educacion/es/programas> (INICIA)

Solicitada a mesma, e cumpridos os requisitos esixidos para a súa inscrición, organizarase o calendario definitivo dos módulos previo acordo cos centros.

A participación no Programa implica as seguintes **obrigas**:

- Recibir os 3 módulos formativos
- Compromiso do profesorado de presentar, a lo menos, o 40% dos proxectos titorizados en cada unha das especialidades.

Base quinta: Desenvolvemento

Todo o itinerario do Programa INICIA desenvólvese durante os cursos escolares

O programa consta das seguintes fases:

Fase I.- **Formación** do alumnado (setembro-décembro):

Módulo 1: MOTIVACIÓN PARA O AUTOEMPREGO (setembro, nunha sesión conxunta)

Módulo 2: PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO (na sede de cada Centro participante en outubro-novembro)

Módulo 3: PRESENTACIÓN DE PROXECTOS (na sede de cada Centro participante en decembro)

Fase II.- Entrega de proxectos (mes de xaneiro). **Selección**.

Fase III.- Celebración da **Feira de Ideas e Premios** "Formación para Emprender" (febreiro)



*Todos os proxectos terán a posibilidade de realizar unha exposición (voluntaria), na data que se lles comunicará no mes de decembro, no Centro Municipal de Empresas ACCEDE Papagaio, para practicar o aprendido no Taller de Presentación e para preparar a súa intervención en caso de resultar gañadores.

O alumnado interesado en participar na Feira de Ideas deberá presentar ao profesorado responsable de cada centro educativo un proxecto de empresa, cumprimentado na forma e segundo as directrices que se facilitarán nas sesións de formación. Con todo, o alumnado poderá incluír todos aqueles documentos, fotografías e datos que se consideren de interese ou relevantes para a mellor definición, comprensión e presentación do seu proxecto.

Base sexta: Concurso - Premios “Formación para Emprender”

a) Da preselección e presentación

O profesorado poderá realizar unha preselección dos proxectos tutorizados na aula para entregar aqueles que compren cunhas condicións máis axustadas para acceder á valoración do Comité, sempre tendo en conta o compromiso mencionado na base cuarta de presentar a lo menos un 40% dos proxectos.

Os proxectos deberán ser presentados obrigatoriamente en formato dixital (USB ou envío por medios electrónicos nun formato que poida ser descargado facilmente) no Departamento de Promoción Económica (Centro de Empresas ACCEDE Papagaio) nunha data a principios de marzo que se comunicará aos Centros ao inicio do curso. Opcionalmente poderá presentarse tamén noutro formato.

b) Da composición do Comité de Valoración

O Comité de Valoración (en adiante Comité) estará composto por:

- Unha persoa representante do Concello da Coruña pertencente ao servizo de Emprego e Empresa, que fará as funcións de presidencia co voto de calidade.
- Unha persoa representante do Concello da Coruña pertencente ao servizo de Emprego e Empresa, sen voto e con funcións de secretaría, encargada el levantar acta.
- Unha persoa docente das sesións formativas da empresa adxudicataria.
- Unha persoa representante dunha entidade da cidade que traballen no ámbito da empresa e o emprendemento

c) Dos criterios de avaliación dos proxectos para participación na Feira e fallo de premios

FEIRA DE IDEAS. Para participar na Feira o Comité seleccionará un máximo de 15 proxectos, puntuando como **máximo 10 puntos** cada un dos seguintes criterios :

1. Orixinalidade da idea / Innovación
2. Viabilidade do proxecto (técnica, económica e comercial)
3. Impacto sobre o territorio (sustentabilidade medioambiental, empregabilidade, mellora da calidade de vida)
4. Presentación física e dixital do proxecto (formato, estrutura e contido)
5. Exposición do proxecto previa



Concello da Coruña

Os proxectos seleccionados polo Comité para a feira de ideas, conforme a estes criterios, deberán entregar nun USB, no prazo que se lles indicará, e segundo o traballado no “Taller de presentación de proxectos”, e unha copia da presentación que realizarían se resultasen gañadores dos premios.

PREMIOS “FORMACIÓN PARA EMPRENDER”. O día de celebración da Feira de Ideas o Comité elixirá os **tres mellores** proxectos entre os presentes, engadindo á puntuación previa obtida, un máximo de **10 puntos**, avaliando o último criterio:

6. Presentación do proxecto e decoración do stand na Feira
7. Exposición do proxecto na Feira

O fallo definitivo do Comité, coa **puntuación total obtida cos criterios**, e polo tanto cos 3 gañadores, farase público na cerimonia de clausura do programa.

CRITERIOS	PROXECTOS				
	P1	P2	P3		P15
Orixinalidade da idea					
Viabilidade do proxecto					
Impacto no territorio					
Presentación previa					
Subtotal					
Presentación e decoración no stand na feira					
Exposición do proxecto na feira					
Total					

Se, unha vez seleccionados os proxectos para a Feira, por circunstancias extraordinarias non fora posible realizar a mesma, para a declaración dos proxectos gañadores terase en conta a puntuación obtida cos catro primeiros criterios.

Base sétima: Presentación dos proxectos realizados na Feira de Ideas

O día de celebración da Feira os equipos terán a ocasión de presentar libremente e ter expostos, na forma e cos medios que consideren máis adecuados, os seus proxectos ante o público asistente, podendo contar para iso cos materiais publicitarios, audiovisuais, teatrais... que desexen coa finalidade de conseguir un maior atractivo e atención sobre a súa proposta.

O Concello porá a disposición de cada un deles unha mesa, cadeiras e conexións eléctricas. Ademais cada un contará cun identificador cos datos básicos: centro educativo, especialidade, nome do proxecto, logo e nome do alumnado.

Base oitava: Premios

Outorgaranse os seguintes premios:

- Premios para os mellores proxectos:

1^{er} premio: cheque regalo de 300€ para cada un dos integrantes do proxecto

2^º premio: cheque regalo de 200€ para cada un dos integrantes do proxecto



Concello da Coruña

3^{er} premio: cheque regalo de 150€ para cada un dos integrantes do proxecto

- Premio ao profesorado:

Cheque regalo de 300€ para o/a profesor/a do proxecto gañador do primeiro premio.

-Premio ao centro máis implicado:

Cheque regalo de 300€ para o centro educativo máis implicado.

Base novena: Publicación dos materiais presentados

Os traballos que se presenten aos premios permanecerán no Concello da Coruña para o seu estudo e avaliación por parte do Comité e para a súa presentación na Feira. Con todo, aqueles/as participantes que desexen recuperar os USB, deberán solicitalo ao persoal do Departamento de Promoción Económica no prazo máximo de seis meses contados a partir do día da cerimonia de clausura. En caso contrario o Concello poderá dispoñer dos mesmos, respectando en calquera caso o disposto legal e regulamentariamente nesta materia.

Base décima: Existencia de crédito

En todo caso, os gastos correspondentes, quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas aplicación orzamentaria correspondente do anos do curso 2025-2026.

Base undécima: Aceptación das Bases

O feito de participar no Programa INICIA implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases.
